

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**1** Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

### Reflexións dun náufrago

Comecei a reflexionar sobre as circunstancias en que me atopaba e decidín redactar o estado dos meus asuntos. Estaba tan abatido que, para tranquilizarme, probei a facer unha comparación escrita entre as cousas boas e as malas da miña situación.

Así o fixen:

#### COUSAS MALAS

Estou desterrado nunha illa horrible e desolada, sen ningunha esperanza de saír dela.

Estou apartado e separado de todo o mundo.

Estou desacougado, abandonado pola humanidade, no illamento máis completo.

Case non teño roupa coa que taparme.

Estou sen ningunha defensa nin medios para resistir calquera ataque de home ou de animal.

Non hai ninguén con quen poida conversar nin que me console.

#### COUSAS BOAS

Estou vivo, non coma o resto da tripulación.

Da mesma maneira que cheguei aquí, poida que atope maneira de saír.

Non morro de fame nin estou nun lugar sen recursos. A illa ten unha vexetación exuberante.

Atópome nun clima cálido no que, se tivese roupa, seríame imposible levala.

Atópome nunha illa onde non vexo besta salvaxe que me poida atacar, como ocorrería en África.

Conseguín coller do barco todo o que necesito para subsistir durante toda a miña vida.



O meu escrito fíxome ver que a miña situación tiña unha parte negativa e outra positiva que tiña que recoñecer e agradecer.

Despois de animar un pouco o meu corazón con esta visión optimista, deixei todo isto á parte e comecei a planear o meu propio sistema de vida.

Deste xeito, conseguiría que as cousas fosen máis doadas para min.

DANIEL DEFOE, *Robinson Crusoe* (adaptación)  
Editorial Salvat

**2** Que tipo de texto liches? Marca a opción correcta.

- Unha exposición de como é a vida das persoas que naufragan.
- Un diario dun personaxe que sobrevive a un naufraxio.
- Unhas instrucións para utilizar en caso de sufrir un naufraxio.

**3** Relaciona cada palabra co seu significado. Se é preciso, consulta o dicionario.

- |             |   |  |
|-------------|---|--|
| exuberante  | • | • Abandonado, deserto, deshabitado.      |
| desacougado | • | • Apartado do seu país e da súa xente.   |
| desolado    | • | • Moi abundante ou desenvolvido.         |
| desterrado  | • | • Inquieto, nervioso, sen tranquilidade. |

**4** Contesta.

- Que consecuencias tivo o naufraxio para a tripulación do barco?

---

- O barco afundi inmediatamente despois do naufraxio? Como o sabes?

---

- Por que escribe o náufrago a lista de cousas malas e boas?

---

- Que efecto lle produce facer esta reflexión? Por que?

---

**5** Observa o lugar onde se desenvolve a historia e atopa nel tres erros en relación cos datos da lectura. Explica cada erro achegando unha oración do texto que o demostre.



- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

**6** Marca o final correcto de cada oración e completa as explicacións.

- O náufrago cre que...

algún habitante da illa o axudará.

ninguén o vai poder axudar.

Porque \_\_\_\_\_

- O náufrago calcula que...

na illa non atopará alimentos.

poderá atopar comida.

Porque \_\_\_\_\_

- O náufrago sente que...

descansar lle fará recobrar forzas.

a actividade o manterá optimista.

Porque \_\_\_\_\_

**7** Forma catro parellas de palabras unindo cada un destes adxectivos da lectura co antónimo correspondente. Se é preciso, consulta o dicionario.

Adxectivos da lectura: abatido doado exuberante optimista

Adxectivos antónimos: escaso pesimista animado difícil

- \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_

**8** Indica de que tipo é cada substantivo: individual ou colectivo, común ou propio.

humanidade: \_\_\_\_\_

Robinson: \_\_\_\_\_

illa: \_\_\_\_\_

tripulación: \_\_\_\_\_

**9** Escribe palabras que sexan da mesma familia ca *vivir* e que teñan estes prefixos. Se o necesitas, consulta o dicionario.

sobre-

mal-

super-

con-

\_\_\_\_\_

► Utiliza as palabras que formaches para completar estas oracións.

- Aquilo que máis estrañaría sería poder \_\_\_\_\_ con outras persoas.
- Era o único \_\_\_\_\_; nin sequera o seu can se salvara.
- Non hai dúbida que era mellor \_\_\_\_\_ ca acabar no fondo do mar.
- Para poder \_\_\_\_\_, necesitaba atopar auga doce.